



# BASES CAMPAMENTO DE NADAL

1. O **CAMPAMENTO DE NADAL** é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. O Campamento de Nadal está **DIRIXIDO** a nenos e nenas con idades comprendidas entre **3 e 13 anos** (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase os días 23, 28, 29 e 30 de decembro de 2020 no local anexo o Pavillón Polideportivo municipal de Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** as nenas e nenos que cumpran estes requisitos:

- Familias monoparentais ou coas dúas persoas proxenitoras en situación laboral activa
- Residir e estar empadroadas no Concello de Pontecesures. No caso de existiren prazas vacantes, poderán cubrirse con nenos/as doutros concellos.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:00 a 14:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:00 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 14:00 horas.

6. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 30 prazas. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 15 solicitudes.

7. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.**

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a ficha de inscrición e aportando a documentación que se require en dita solicitude que poderán descargar na páxina web [www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org) ou recoller nas dependencias do Concello: Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

8. **PRAZO DE INSCRICIÓN.**

O prazo de inscrición é do 1 ao 18 de decembro.